

Lei 10/1991, do 17 de outubro, sobre a concesión dun suplemento de crédito para a ampliación dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de dezanove mil seiscientos vinte millóns de pesetas (19.620.000.000 de ptas.) para atende-lo cumprimento das obrigas dos servicios transferidos do Insalud e sobre a autorización ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para subscribir convenios con entidades financeiras para o financiamento de vivendas de protección oficial de promoción pública, ata un límite de dous mil cincocentos millóns de pesetas (2.500.000.000 de ptas.)

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núms. 162, do 27.6.1991, e 163, do 28.6.1991.

Emendas, BOPG núm. 176, do 11.9.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 81, do 17.9.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 182, do 26.9.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 185, do 1.10.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 188, do 4.10.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 83, do 8.10.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 191, do 11.10.1991.

Diario Oficial de Galicia núm. 204, do 22.10.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 1, do 1.1.1992.

Lei 10/1991, do 17 de outubro, sobre a concesión dun suplemento de crédito para a ampliación dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de dezanove mil seiscientos vinte millóns de pesetas (19.620.000.000 de ptas.) para atende-lo cumprimento das obrigas dos servicios transferidos do Insalud e sobre a autorización ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para subscribir convenios con entidades financeiras para o financiamento de vivendas de protección oficial de promoción pública, ata un límite de dous mil cincocentos millóns de pesetas (2.500.000.000 de ptas.)

Polo Decreto 20/1991, do 17 de xaneiro, aprobouse o presuposto de ingresos e gastos dos servicios transferidos do Insalud para 1991, asignándose créditos por importe de 125.335.881.000 pesetas para atende-lo cumprimento das obrigas dos servicios asumidos. A contía dos créditos foi establecida en función do disposto na alínea E), e) do anexo ó Real decreto 1679/1990, do 28 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e dos servicios do Instituto Nacional da Saúde.

As peculiaridades que concorren na prestación dos servicios sanitarios determinan sen embargo a posibilidade de que o presuposto inicial non coincida co gasto realmente orixinado no transcurso do exercicio. De tal xeito, o último parágrafo da alínea E), f) do anexo mencionado establece a aplicación

das desviacións que poida experimenta-la execución do presuposto do Insalud non transferido ó presuposto inicial de gastos asignado, aínda que a transferencia dos créditos correspondentes non se materializa ata o momento no que se aproba a liquidación do exercicio presupostario.

Por outra banda, as previsións de axuste á liquidación do presuposto do Insalud do ano 1990, que deberá realizarse segundo o disposto na alínea E), e), 2, parágrafo final, do anexo ó Real decreto 1679/1990, determinan pola súa vez un incremento no financiamento dos servicios asumidos.

Baixo estas circunstancias, e unha vez apreciada a evolución que experimenta a execución do presuposto durante os meses transcorridos desde que foron asumidas as competencias, considérase ne-

cesario incrementa-la contía dos créditos asignados á xestión dos servicios traspasados, dotándoos cun presuposto axustado á previsión real do gasto durante o ano actual, evitando desa forma as consecuencias negativas que historicamente vén orixinando a utilización de presupostos iniciais amplamente superados no momento de establece-la liquidación dos correspondentes exercicios. Unha actuación semellante concíbese como medio inescusable para alcanza-la racionalización da xestión económica do sistema e, en definitiva, como cable instrumental das actuacións que permitan a consecución dun maior e máis eficaz desenvolvemento da prestación sanitaria en Galicia.

O recurso á emisión de débeda con destino ó financiamento de investimentos e o establecento de medidas cautelares, en forma de minoración de créditos, destinadas a evitar, en último termo, que se orixinen tensións inadecuadas no sistema financeiro da Comunidade Autónoma, completan o abano de medidas destinadas a proporcionarlle cobertura á ampliación do presuposto de gastos dos servicios transferidos do Insalud.

Por outra banda, o presuposto do Instituto Galego da Vivenda e Solo contén unha previsión de ingresos en concepto de hipotecas de vivendas e locais comerciais. Os meses transcorridos do presente exercicio presupostario permi-

ten concreta-lo número de vivendas que se van concluír neste, susceptibles de ser adjudicadas e entregadas en 1991. Xa que logo, procede instrumenla-la preceptiva autorización parlamentaria que complete o mecanismo de financiamento con tal finalidade.

O procedemento previsto implica o asinamento de convenios con entidades financeiras, principio xa previsto no Decreto 438/1990, do 6 de setembro, sobre financiamento e adquisición de solo con destino a unidades residenciais integradas, constituíndo unha manifestación do carácter financeiro que a Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, lle atribúe ó referido organismo autónomo, e que expresamente contempla (artigo 2) a posibilidade de constitución de hipotecas.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei sobre a concesión dun suplemento de crédito para a ampliación dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por importe de dezanove mil seiscientos vinte millóns de pesetas (19.620.000.000 de ptas.) para atende-lo cumprimento das obrigas dos servicios transferidos do Insalud e sobre a autorización ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para subscribir convenios con

entidades financeiras para o financiamento de vivendas de protección oficial de promoción pública, ata un límite de dous mil cincocentos millóns de pesetas (2.500.000.000 de ptas.)

Título I

Capítulo único

Artigo 1

Concédesse un suplemento de crédito ó presuposto de gastos dos servizos transferidos do Insalud para 1991, por importe de 19.620.000.000 de pesetas, co detalle das aplicacións presupostarias que figuran como anexo a esta lei.

Artigo 2

O financiamento do crédito realizarase:

A) Con cargo ós incrementos previstos en función do disposto na alínea E), letra e), punto 2, parágrafo final, e na alínea E), letra f), último parágrafo, do anexo ó Real decreto 1679/1990, do 28 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e dos servizos do Instituto Nacional da Saúde.

B) Por medio de operacións de enbedamento, ata un importe máximo de 5.624.400.000 pesetas, que se formalizarán de acordo co previsto no artigo 18 da Lei 1/1991, do 15 de xaneiro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1991,

destinadas a financia-los créditos de investimento previstos no actual presuposto.

No caso de que o financiamento xerado de acordo co sinalado na alínea A) resultase insuficiente para a cobertura do suplemento de crédito, procederíase, no exercicio no que esa situación se produza, a minorar créditos na contía necesaria para absorber-la diferenza resultante.

Artigo 3

Autorízase ó Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, para que concerte operacións de crédito, como anticipo de financiamento, ata un importe máximo de 13.995.600.000 pesetas, que se cancelará no momento en que se produza o ingreso das liquidacións ás que se refire a alínea A) do artigo 2.

Título II

Capítulo único

Artigo 4

Autorízase ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para subscribir convenios con entidades financeiras para o financiamento de vivendas de protección oficial de promoción pública, ata un límite de dous mil cincocentos millóns de pesetas (2.500.000.000 de ptas.), que se instrumentarán mediante créditos hipotecarios sub-rogables.

Disposición final primeira

Autorízase ás consellerías afectadas pola presente lei para que, no ámbito das súas respectivas competencias, poidan desenvolverlo establecido nela.

Santiago de Compostela, 17 de outubro 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Disposición final segunda

A presente lei entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

(1)

(1) O anexo incorporado a esta lei non se reproduce nesta edición.